

# **ALGÚNS APUNTAMENTOS SOBRE A FESTA DO LUGNASAD EN BRETOÑA. EXPERIENCIA FESTIVA EN TORNO A UNHA NOVA PROPOSTA IDENTITARIA.**

**SABELA FIGUEIRA TENREIRO**

Xunto á crise e transformación dos modelos festivos tradicionais asistimos á emerxencia doutros novos nos que se reflicten dinámicas económicas e socioculturais de alcance global. Estas poden ser consideradas estratexias para a construción de novas identidades sociais. Achegarémonos aos referentes, marcos de sentido, rituais e outros elementos que conforman a festa. Veremos como se celebra e os grupos sociais que a protagonizan, promotores e participantes. Como os diferentes grupos participan nos procesos de creación e circulación cultural neste marco festivo local. Apuntaremos a repercusión na celebración dos fenómenos de turismo e mobilidade, novos xeitos de entendelo ocio e o tempo libre, así como outros factores que afectan ao contexto local no que se celebra esta festa.

A festa celta do Lugnasad en Bretoña, Pastoriza, ven sendo organizada ano tras ano pola Asociación Cultural Auruxeira, sita na mesma parroquia, que organiza, ademais, outras actividades culturais ao longo do ano. Trátase dunha festa na honra de Lug, rei de Irlanda celebrada os primeiros domingos do mes de Agosto, momento das colleitas “*o día da madurez de tódolos froitos*”<sup>1</sup>.

A data escollida para a súa celebración en Bretoña é o primeiro venres deste mesmo mes. Esta foi elixida en función de posibilitar a maior asistencia de público posible. O festival de Pardiñas, tamén se celebra durante o sábado e o domingo do mesmo fin de semana. Deste xeito, ofertáronse durante anos aos potenciais asistentes, un festival en Pardiñas, xa de grande tradición, e unha festa máis pequena, o Lugnasad, nun mesmo fin de semana e nunha mesma comarca.

Dende hai máis de dez anos celébrase esta festa celta en Bretoña. Nela recrease un mundo celta onde teñen lugar casamentos e outros rituais, así como música e xogos. Trátase dun venres de festa. Esta comeza pola tarde con xogos celtas e a medida que vai avanzando o día, ao anoitecer, teñen lugar as vodas. Un druída encargase de levar a

---

<sup>1</sup> Segundo se conclúe nunca glosa do Manuscrito Egerton sinalada en: LE ROUX, F., GUYONVARCH, C.: *As festas celtas*, A Coruña: Toxosoutos, 2003. p.102

cabo o ritual, previo apuntamento das parellas interesadas en participar nel. Para o mesmo é imprescindible ir vestido ao xeito dos celtas. Os organizadores prestarán roupaxes previamente confeccionados para tal fin.

Os casamentos teñen lugar ao solpor, no mesmo coto da Auruxeira, ao carón do río. Alí reúnense as parellas, o druída que os casa, unha sacerdotisa, meigas con pequenos potes de lume para escorrenta-los meigallos e o público invitado. Todo elo acompañado pola música dun grupo de gaitas, nun espazo previamente ambientado para o evento. A comitiva recorre un pequeno camiño arredor do coto e ao longo do mesmo atópase coa Pena dos Namorados<sup>2</sup> e coa Fonte do Tesouro<sup>3</sup>, onde fará sucesivas paradas. A pena ten un buraco a través do cal os noivos danse as mans e xúranse amor, atentos aos consellos pronunciados polo druída. A sacerdotisa colocaralle coroas confeccionadas con hedras e flores aos recen casados ao tempo que estes selan o casamento cun bico. Ao ano seguinte terán que volver a renova-la unión, pois a voda so ten validez por un ano.

A continuación, a comitiva segue o recorrido a carón do río ata a seguinte parada, onde os agarda un pote de queimada ardendo. Ao beber desta simbólica apócema contida no pote, ao tempo que se recita o esconxuro da queimada, arrédanse os malos presaxios durante o novo ano de casados. O ritual culmina cos aturuxos dos guerreiros, ao mesmo tempo que estes baten os seus puñais contra os escudos, celebrando os casamentos.

A continuación terá lugar o banquete, onde ao redor dunha mesa circular degustan un menú tamén celta. No 2005 foi o seguinte: cordeiro, churrasco, sardiñas, freces e requeixo de moras de postre, pan, cervexa ou sidra como bebida. Como se daquela época se tratase, tampouco hai cubertos e cómese nunha vaixela de cerámica de Bonxe con prato, cunco e vaso para a bebida. Unha vez rematada sérvese a queimada previamente esconxurada polo druída. Como colofón da celebración hai concertos de música dos que se pode disfrutar ata altas horas da madrugada.

A idea orixinal da celebración débese a Aneiros, quen fai o papel de druída na festa e que xa con anterioridade estaba especializado en temas de maxia e esoterismo, acudindo a xuntanzas deste tipo por todo o territorio español. Documentado na mitoloxía, no

---

<sup>2</sup> Especie de pedra plana e alongada cun burato no medio por onde se dan a man os noivos. Foi colocada no lugar, *ex profeso* polos organizadores da festa, para contribuír á posta en escea do ritual. Non existía no coto con anterioridade á celebración.

<sup>3</sup> A Fonte do Tesouro, estaba no lugar cando se decidiu facer a festa e foi utilizada como escenografía nos rituais de casamento. Aproveitáronse ademais os contidos simbólicos da mesma, pois esta posúe unha lenda a ela asociada –transmitida por tradición oral– na que se conta como neste lugar aparecía unha galiña con pitos de ouro nas noites de luar. Deste xeito, as connotacións simbólicas asociadas dende antano á Fonte do Tesouro contribuirían a dotar de sentidos engadidos a esta nova celebración.

imaxinario e noutros aspectos do mundo celta, asesorou a algúns veciños xoves de Bretoña que, atraídos pola idea daquel druída, decidiron facer unha festa.

Anos mais tarde, e froito destas primeiras experiencias festivas naceu a Asociación Cultural Auruxeira, levando a cabo outras actividades relacionadas co mundo celta, como xogos ou o Sammaín, a festa das Cabazas, en Novembro. A festa do Lughnasad foi mudando co tempo as súas formas e funcións primixenias, froito da adaptación da idea primitiva ao espazo e á comunidade que o habita. Así, os primeiros anos a celebración era menos ambiciosa, o campo co que contaban para a festa era moito máis reducido, a cantidade de público asistente non era tanta e as vodas celtas non comezaron a celebrarse ata anos despois. Nestes primeiros anos cada persoa confeccionaba o seu propio traxe celta con sacos moitos deles, trenzas de la e balóns cortados pola metade que facían de casco, como si de vikingos se tratase. Como palco da música utilizábanse dous remolques de tractor.

Cos anos, a propia asociación fíxose con vestimentas e reproducións fieis de xoias da época, ampliouse o campo da festa, comezaron a celebrarse as vodas, para o que era necesario ir vestido deste xeito e os músicos xa tiñan un verdadeiro palco no que tocar. A festa comezou a coller sona e acudía unha cantidade de público cada vez maior, ata o punto de que nas vodas houbo que poñer límite ao número de asistentes. Así pois, a festa cada ano fíxose con máis público. Moitos dos asistentes, acudían tan só aos concertos, pois o banquete estaba reservado unicamente para aqueles que ían vestidos de época.

A música, ao igual que toda a celebración centrase no mundo celta, máis tamén atopamos grupos galegos<sup>4</sup> que non se pregan estritamente a esta clasificación de celta ou folk. En xeral, o tipo de música co que nos podemos atopar en Bretoña non difire demasiado daquel que, ao día seguinte, escoitamos no festival de Pardiñas.

Mentres que nas festas medievais vilegas son as rúas o marco de referencia da experiencia festiva, en Bretoña é unha fraga de carballos ben delimitada: o coto da Auruxeira. Contrariamente ás feiras, xa sexan medievais, gastronómicas ou doutro tipo, onde prevalece o espazo lonxitudinal que da acollida ao mercado, nesta festa o espazo é centrípeto. O centro espacial compóñeno o público asistente e a música, ao redor do que se sitúan algúns postos de venda de artesanía, o da propia asociación organizadora e as casetas onde se sirve bebida e comida. En contraposición ao percorrido lineal das feiras

---

<sup>4</sup> Aínda que calquera grupo de música de Galicia pode ser galego, neste caso elixían grupos que, ben tocasen música elaborada con instrumentos tradicionais como gaitas, tamboriles, acordeóns, etc., ben utilizasen a lingua galega nas letras das súas composicións.

medievais, aquí os movementos e percorridos son sempre derredor do circundo. Así pois, os casamentos teñen lugar en torno ao coto e o banquete posterior, celebrado no mesmo coto, presenta unha disposición tamén circular<sup>5</sup>. En Bretoña son público e músicos os protagonistas. Ademais, a importancia simbólica dos rituais de casamento, non pasa desapercibida.

O campo da festa rodéase de tres casetas, feitas cunha estrutura permanente de pau e xestas, acordes coa decoración do conxunto. Nelas sérvese bebida e tamén comida: tortilla, filloas, faragullos<sup>6</sup>, roscas, liscos para asar ao espeto en calquera dos lumes que atopamos ao redor do coto, etc. Todo isto preparado, *ex profeso*, para a festa polas casas da parroquia. Cada unha aporta algo de comida para a celebración, feito que contribúe á implicación e participación da comunidade na mesma.

A festa autoxestionouse durante anos, feito ao que contribuíron os cartos conseguidos da venda de bebidas e comida previamente preparada por moitos veciños da parroquia. Do mesmo xeito vendíanse camisetas e outras prendas e obxectos con motivos celtas, así como recreacións de torques, fíbulas, diademas, etc. da época, a imitación daquelas atopadas el asentamentos castrexos da localidade, que axudaban a subvencionar a celebración. Houbo algún ano que recibiron axudas económicas de fondos de cohesión europeos, máis a meirande parte dos gastos seguían correndo á súa conta. Por outra banda, os membros da organización teñen mostrado en numerosas ocasións as súas queixas polas trabas que o concello e as institucións puxeron sempre ao desenrolo desta festa celta.

Sen dúbida, un dos feitos máis destacábeis da celebración son os altos índices de participación comunitaria. A implicación do grupo social coa súa presenza na festa en calidade de actores, entre outros factores, fixo posíbel a continuidade no tempo desta celebración. O Lúgnasad, mesmo tratándose dunha festa nova, naceu da propia comunidade e foi ben acollida pola mesma. Un xeito de implicar a moitas casas da parroquia na celebración foi o feito de que cada casa axudase ao desenrolo da mesma, facendo aportacións de comida.

Moitos veciños, mais que entrar en valoracións a cerca das orixes comunitarias, aceptándoas nalgúns casos ou facendo caso omiso noutros, o certo é que participan da festa. Algúns entenden a celebración como un acto con certo carácter subversivo, polo

---

<sup>5</sup> Esta disposición circular, en torno ao lume ou á preparación do animal ao espeto, atopámola do mesmo xeito noutras alusións ao imaxinario celta. Nos cómics de Aterix, poboado bretón resistente á invasión romana, tamén aparecen representados banquetes con idéntica disposición e similar ambientación estética.

<sup>6</sup> Feitos coa mesma masa das filloas

feito de ser organizado por unha asociación na que, parte dos seus membros, forman parte activa doutros colectivos sociais que manteñen actitudes críticas fronte aos poderes establecidos ou participan da política municipal, exercendo de oposición en distintos municipios da zona.

Como dixemos, foi algunha xente nova da parroquia quen se encargou de levar a cabo esta iniciativa. Foron estes veciños, xunto cun druída de Cedeira- *alma mater* da festa-, os que idearon e deron forma á celebración, decidindo que fose o carácter celta o seu principal motor. O resto da comunidade colabora e participa, non tanto da idea dunha procedencia celta como da celebración en si mesma, en tanto que festa da parroquia de Bretoña. Neste senso, compre destacar a escasa participación comunitaria no ritual dos casamentos celtas. Se ben os integrantes da organización, que axudan ao desenvolvemento do ritual e á preparación do acontecemento festivo, son na súa meirande parte mozos da zona, os actores protagonistas dos casamentos veñen, de lonxe, casar a Bretoña<sup>7</sup>.

Pola contra, os concertos e a festa posterior si contan coa participación dos veciños, tanto daqueles de maior idade como doutros máis novos. Así pois, a xente da comarca participa da festa entendida como baile, música e sociabilidade, mais, despois de dez anos, non se conseguiu a integración comunitaria nos rituais celtas. Os veciños asistentes separaban a festa do carácter celta e acudían a ela como tal. Así nos contaba unha das organizadoras o xeito que tiñan os veciños de enfrontarse á idea de festa celta: *“Viano raro. Non sei se algún veciño se chegou a enterar da cuestión celta. Gustáballes o ambiente. Pensaban que nos disfrazábamos, como un divertimento máis”*.

Algúns veciños, aqueles de mediana idade ou máis maiores, eran conscientes do esforzo que supoñía a organización do evento e tentaban axudar, aconsellando aos novos: *“Que burros sois, que burros sois, se deixárades á xente ir vestida de normal, teríades máis xente”*, en alusión á necesidade de ir vestido de celta para as vodas e o banquete. Vemos, polo tanto, como moitos dos veciños non acababan de entender o empeño dos organizadores en que os asistentes levasen este tipo de vestimentas. Valoraban a festa, mais sacaban importancia á minuciosa caracterización da mesma. Con todo, asistimos á representación da continuidade espazo-temporal da comunidade, á que se lle atribúe unha determinada antigüidade –antepasados celtas-, festexándoa.

---

<sup>7</sup> Neste senso, atopamos parellas de Madrid, Valencia ou das principias urbes e vilas galegas, polo que constatamos que os casamentos celtas acollen a un tipo de público fundamentalmente urbano. Ni os veciños da parroquia, ni aqueles doutras zonas rurais casan no Luganasad.

Rómpense os lazos coa tradición cristiá para tendelos de cara a aqueloutra celta que, a pesares de ser bastante descoñecida entre a poboación local, suponse anterior no tempo. Establécese unha continuidade temporal, representada neses elementos naturais que xa veneraban os celtas, e que teñen tamén certo protagonismo nesta celebración: o lume, a auga, a vexetación, etc.

Aos elementos da natureza dáselles un papel protagonista. A auga está presente no río ao carón do que teñen lugar as vodas. O lume acompaña, da man das meigas, todo o ritual dos casamentos. Con el fanse tamén as pequenas fogueiras, os fachos e os candís ao redor do campo da festa que permanecen prendidas toda a noite. Polo tanto, os elementos da natureza axudan a decorar un escenario que nos trasladará a outro tempo e a outro espazo. A un lugar e a un momento de festa, mais tamén a un espazo e a un tempo “celta”. É como si se dixera: “Os celtas tamén festexaban e nós, herdeiros deles, facémolo do mesmo xeito, venerando aos elementos naturais”. Estes últimos tamén tiñan un papel protagonista nas sociedades agrarias tradicionais, polo tanto, trataríase dun volver ao mundo celta, volver ás tradicións e ritos ancestrais vinculados á natureza; en oposición ao mundo secularizado e industrializado que nos aparta da natureza, e como recurso fronte ao desarraigo da poboación habitante nas grandes urbes.

Ao mesmo tempo, os elementos naturais que teñen na festa un papel purificador, atópanse intimamente relacionados con esa sociedade rural da que, esta zona da Pastoriza, é profundamente debedora. Polo tanto, son aproveitados, ofrecéndose como alternativa a esas outras zonas urbanas ou economicamente mais desenvolvidas que buscan alimentar o seu tempo de ocio mediante o turismo, na busca da tradición ou da natureza.

Neste senso, o recurso aos ambientes caracterizados como máxicos, volve a situarnos no atractivo mundo das forzas ocultas da natureza. O encanto do descoñecido, dos mundos ideais, que podemos sentir e que se recrean nesta festa, preséntanse como alternativa ao cotiá. Así o expresan os organizadores na páxina web da asociación: *“Un nutrido grupo de celtas festexan cheos de ledicia neste entorno máxico, danzan, cantan e beben á saúde do Deus Lugh da terra mai. A recreación da maxia do mundo celta enche de encanto estas vodas do Lugnasad que deberán esperar ó seguinte ano para a súa renovación<sup>8</sup>.”*

---

<sup>8</sup> [www.auruxeira.cjb.net](http://www.auruxeira.cjb.net)

É como se volvésemos a tempos preindustriais onde non había sequera luz eléctrica. Paramos o tempo para introducirmos noutro lugar e noutro momento ideais, conscientes de que aquilo acabará, e tornaremos de novo ao cotiá, que se opón a esta visión idealizada. Polo tanto, asistimos á reivindicación de ideais baseados en épocas premodernas, fronte ao desarraigo espacial e temporal propio da modernidade<sup>9</sup>. A festa celta supón unha maneira, entre outras posíbeis, de cohesión social ademais de reencontro coa natureza do local e cos seus tempos.

Por outra banda a renovación anual dos casamentos celtas enfróntase a aquela tradición católica do matrimonio para toda a vida. Ademais da afirmación identitaria que supón o considerarse herdeiros dunha tradición celta, opoñendoa á cristiá, asistimos tamén a unha oferta de alternativas á propia tradición. Fronte aos casamentos de por vida, ideais de virtude na tradición cristiá, aquí ofrécense vodas por un ano, coa posibilidade de renovación ao ano seguinte. Este elemento axuda a establecer diferenciacións, xa non so con outras festas senón tamén con outras actitudes e comportamentos sociais, lexitimando así a identidade específica desta celebración.

Máis, compre ter en conta que aos casamentos celtas acoden, na súa meirande parte, parellas de fora da propia comunidade e casan, en xeral, de xeito simbólico, sen que isto supoña unha alternativa aos casamentos tradicionais. Mentres que para a propia comunidade o ritual dos casamentos celtas supón máis un divertimento que unha alternativa real, existe un sector de poboación, na súa meirande parte foráneo, que busca experiencias alternativas, para os que si teñen cabida este tipo de rituais e con eles estas festas.

Esta ausencia, entre os noivos, de veciños do lugar e incluso de persoas procedentes do mundo rural en xeral, así como a falta de conexión entre a idea dos organizadores e as percepcións comunitarias, reflicte unha das organizadoras do evento: *“o das vodas víano como de tolos. Como si os que viñan casar fosen uns pringados ou graciosos. E eso de vir de Madrid a casar a Bretoña, “tolos de todo”. Algúns dicían que eso de casar por un ano, que así tiña que ser, que debería ser así, pero de broma que despois nada”*. Algo lóxico se consideramos que, mentres na sociedade actual asistimos a unha variedade de eleccións, no que ao modo de casamento se refire, entendéndose como acción e decisión individual, na tradición comunitaria os ritos de paso supoñen un

---

<sup>9</sup> O desenclave que apunta Guiddens: GUIDDENS, A.: *Modernidad e identidade del yo*. Barcelona: Península, 2000

acontecemento colectivo atopándose -segundo a Guiddens<sup>10</sup>- “*ligados a marcos morais e cuestións elementais relativas á existencia humana. A perda do ritual é tamén a perda dun compromiso con tales marcos*”

Por outra banda, asistimos a unha festa e a uns rituais de casamento que tentan mostrar a orixe celta dunha comunidade de cara ao exterior, pouco importa que estas orixes sexan míticas, inventadas ou reais, o certo é que a comunidade decidiu festexalas, representándoas. A aquelas peculiaridades propias dos pobos da Europa Atlántica documentados como celtas, súmanselle na celebración outros moitos motivos que, sen estar asociados a pobos celtas, tentan poñer en relación a festa coa idea dunha Galiza máxica. As meigas, os druídas, o ritual purificador da queimada, etc. son elementos escollidos como representativos da tradición máxica de Galiza na mirada do turista<sup>11</sup>, e son, estes mesmos elementos, os que se ofrecen como representativos do ritual dos casamentos e da festa no seu conxunto. Deste feito emerxe a importancia dada á mirada turística nesta iniciativa. Aínda que a festa nace do empeño dunha parte da propia comunidade, a ela acode un amplo sector de público de fora dela.

Por outra banda, a importancia do traxe é fundamental de cara á participación nos casamentos. A vestimenta celta é obrigatoria para os participantes no ritual, así como para os organizadores. Máis, non estamos ante unha máscara de carnaval senón do que tenta ser unha reprodución fiel de como vestían os celtas, e dicir os considerados seus antepasados.<sup>12</sup> Volvemos a atoparnos aquí con máis elementos definitorios desa pretendida afirmación identitaria. Por unha banda, asistimos á representación da continuidade desta comunidade no tempo – “os nosos antepasados xa vestían así”- e pola outra á representación da procedencia diferenciada, da mesma, con respecto a outras – “nós” procedemos dunha raza celta da que “outros” non proceden”-.

Así pois, atopámonos nesta festividade coa afirmación dunha identidade que vincula á comunidade con aquelas de raíces celtas, diferenciándose daquelas outras que non o son. O propio nome de Lughnasad lévanos á representación da festividade onde os celtas

<sup>10</sup> GUIDDENS, A.: *Modernidad e identidade del yo*. Barcelona: Península, 2000, p. 257-258. Así mesmo, esta variedade de elección lévanos a pensar neses diferentes estilos de vida posíbeis na sociedade moderna e dificilmente adoptables nas culturas tradicionais.

<sup>11</sup> Iconos simbólicos que podemos atopar todo ao longo de Camiño de Santiago, presentados como *souvenirs* para os visitantes. Mesmo tratándose dunha ruta, a Xacobeas, de contido esencialmente cristián, onde non ten cabida este mundo máxico de meigas e trasnos, de non ser para expresar a imaxe do *negativo*. Aínda así, os visitantes mercan este tipo de agasallos como obxectos representativos de Galiza, indicadores da súa estancia nestas terras.

<sup>12</sup> Para levar a cabo esta reprodución dos traxes, a organización votou man de estudos sobre o tema e solicitou a colaboración de investigadores da historia e tradición destes pobos. Así mesmo, tamén correu a cargo da organización facer reproducións fieis de xoias e outros atavíos atopados en asentamentos castrexos próximos. Adornos que terán como finalidade o lucimento no día da celebración.



honraban ao Deus Lug, polo verán. Téntase, retornar a un pasado, máis ou menos mítico, mediante o recurso á representación participativa, en aras dunha pretendida construción identitaria. A historia convértese nunha ferramenta de lexitimación cultural no presente así como de reforzo de identidades.

Falamos de recreación histórica porque así o consideran tamén os promotores desta iniciativa. Parten da existencia dun pasado celta en Galiza, dun período histórico no que os celtas se asentaron no territorio, deixando pegadas das que aínda hoxe seríamos debedores. Por tanto, non entramos aquí a valorar o suposto “celtismo” ou orixe celta destas comunidades. Así e todo, independentemente de que se tente recrear unha época histórica concreta, a festa celta non responde a unha tradición comunitaria previa<sup>13</sup>. Pola contra, nace como celebración nova e anovadora na zona, mesmo si se tenta enraizar dende o presente coas supostas orixes celtas da comunidade.

O propio nome de Lugnasad e os elementos rituais levados acabo na celebración, aínda que documentados e baseados en estudos sobre a tradición dos pobos celtas, e a pesares das semellanzas que poidan ter con outros propios desta zona, eran inexistentes e descoñecidos para os veciños do lugar. Crease *ex novo* esta festividade e os rituais que dela forman parte: casamentos, esconxuros, etc. A comunidade acolle unha nova celebración, descubrindo e experimentando formas diferentes de enfrontarse a ela. Mesmo de terse documentado este período histórico, como afirman os organizadores, asistiríamos a unha recreación do mesmo, constatando a invención<sup>14</sup> dos rituais que na festa se levan a cabo.

En moitas ocasións, as identidades locais inscríbense en reivindicacións identitarias máis amplas. Deste xeito, Bretoña, onde se celebran esas fondas raíces celtas, podería supor a parte polo todo dunha asociación metonímica, en clara referencia á unha identidade máis ampla que sería a galega. Neste senso, as orixes celtas teñen sido tamén reivindicadas en moitas ocasións á hora de definir unha identidade galega diferenciada, de fondas raigames atlánticas –no Rexurdimento ou coa Xeración Nós e tamén noutros festivais actuais autodenominados celtas, etc.-. Celébranse festivais celtas en Ortigueira, na Coruña, no Morrazo, etc., así como tamén recreacións festivas deste tipo noutras provincias galegas como a Festa Celta Aureana de Neda, o Oneach céltico de Sedes en Narón ou a festa castrexa de Xunqueira de Ambía. O contacto entre elas é fluído. Os organizadores dunhas e doutras comunicanse entre eles e acoden en calidade de invitados a moitas delas. Cada ano reciben visitas ou acode unha comitiva de Bretoña como representación a outras festas deste tipo ás que son invitados.

---

<sup>13</sup> HOBBSAWM, E., RANGER, T.: *La invención de la tradición*. Barcelona: Crítica, 2002

<sup>14</sup> HOBBSAWM, E., RANGER, T.: *La invención de la tradición*. Barcelona: Crítica, 2002

Por outra banda, tamén compre facer referencia a correntes comerciais, onde o gusto polo “celta” é utilizado e comercializado como produto de consumo. A “tradición” celta –presente en Escocia ou Irlanda e outros lugares- pasou a comercializarse en todo o mundo, xa sexa da man da música, de obxectos decorativos, da vestimenta, etc. Na actualidade é unha etiqueta característica, baixo a que se dan a coñecer e comercializan moitos produtos no mercado global. No Lugnasad, escolleuse o mundo celta e tentouse adaptalo, a través da festa, a unha comunidade rural galega. Partiuse pois, dunha idea auspiciada por dinámicas globais máis amplas e asistimos á interacción entre estas últimas e as propias forzas que dirixen o desenvolvemento local.

Evidentemente á festa celta de Bretoña acode xente de toda Galiza, contando cun público xa especializado neste tipo de celebracións, das que existen máis exemplos. Incluso conta con asistentes doutras zonas mais lonxanas, de grandes capitais como Madrid ou Barcelona, que veñen casar a Bretoña ultimando os preparativos por telefono ou internet. Polo tanto o público é variado e a festa conta coa participación, en calidade de actores, da propia comunidade, mais tamén se abre a outras posibilidades que a promocionan de cara ao exterior. Trátase dunha maneira de consumir o tempo libre na busca do “exótico”, do “diferente”, do “natural”, e dicir, daquelo que non atopan facilmente aqueles residentes nas cidades.

No ano 2005, a festa cumpriu dez anos. Nos últimos tempos o protagonismo das vodas quedara relegado a un segundo plano, dado o espectacular aumento do número de asistentes aos concertos de música que comezan ao solpor. A música gañara un especial protagonismo, en detrimento daqueles rituais que dotaban á festa dese carácter celta, significación que se lle tentou imprimir xa dende o seu nacemento. A festa comezou a coller sona e a ser coñecida principalmente como festival de música, caracterizado pola presenza de grupos galegos de diferentes estilos, dende rock ata rap, pasando por grupos de gaitas. Deste xeito o Lugnasad facíase un oco entre os festivais de verán especializados neste tipo de música, que xunto coa denominada “celta”, contan cun público concreto. Esta grande afluencia de público, veuse propiciada pola coincidencia, no mesmo fin de semana, do festival de Pardiñas. Moita da xente que acode a Pardiñas o sábado ou o domingo, pásase por Bretoña o venres, pois ámbolos dous festivais comparten un mesmo ou similar tipo de público.

masiva afluencia de público nos últimos anos desbordou a capacidade de actuación dos organizadores, feito levou á necesidade dunha reformulación da festa. Na décima edición optouse por unha menor promoción da parte musical, así como unha maior

atención ao ritual dos casamentos e daqueles elementos que dotan á festa dese pretendido carácter celta. Neste senso, os músicos son menos coñecidos polo que atraen unha menor cantidade de público, tratándose fundamentalmente de grupos de gaitas. A festa adquire un carácter máis intimista, dando protagonismo ás vodas fronte ao resto da celebración. Así pois, son os casamentos os que levan á celebración e non ao revés, como viña sucedendo ata o de agora.

Polo tanto, escolleuse o carácter celta fronte a aquel que recollía a esencia dunha identidade galega máis ampla recollida na música principalmente. Ao ano seguinte, a festa foi concibida como cerimonia de casamentos múltiples á que acudiron xentes, na súa meirande parte, de fora da comarca.

Segundo os organizadores, este décimo aniversario supuxo tamén a última edición desta festa. Apuntan que, solos, non poden continuar coa celebración e, a pesares dos continuados intentos, a xente nova da zona non colle o relevo no tocante á organización do evento. Durante dez anos foron sempre os mesmos os encargados de levar a cabo a festa, o que nos leva a pensar nunha falta de implicación comunitaria, acentuada este último ano, ao deixar de celebrarse os concertos posteriores aos casamentos. Estes últimos non tiñan practicamente repercusión algunha entre a poboación local, ao centrarse a festa neles, a afluencia de público local existente foi desaparecendo.

Ademais de botar en falta ese relevo xeracional, no tocante á organización da festa, que nunca chegou a producirse, moita da xente nova que contribuíu ao desenvolvemento da celebración acabou por marchar da parroquia, por motivos familiares, de traballo, etc. cara a vilas próximas ou cidades. Unha das organizadoras contábanos que “ *moitos dos que éramos xa non están, casaron ou marcharon traballar fora, de trinta e tantos quedamos cinco e a xente nova non quere coller o relevo. As novas xeracións non saben nin onde se dan as hedras<sup>15</sup> e tampouco queren traballar*”. Este feito é un exemplo máis da despoboación que afecta ao mundo rural e que leva ao progresivo crecemento de vilas e cidades.

Fenómeno, por outra banda, que afecta tamén á continuidade de rituais nados, como neste caso, das xeracións máis novas da parroquia, que non conseguiron, por outra banda, integrar na festividade ás seguintes xeracións. O feito desa falta de integración das xeracións máis novas na festa celta explicábase, da seguinte maneira, un dos organizadores: “ *Os máis novos pasaban de todo. Non viñan pola música, viñan a*

---

<sup>15</sup> Refírese á planta coa que a organización fan as coroas que logo levarán os noivos durante os casamentos. Díciános a veciña que, os mozos máis novos, non saben onde nace esta especie.

*emborracharse, a eles o que lles vai e a discoteca se o chunda chunda. Era viernes, abría Muimenta e marchaban pra ali”*

En definitiva, a festa do Lugnasad de Bretoña, que nacera da idea dunha persoa allea á comunidade, tivo boa acollida por parte dela, mais destacan as diferentes percepcións comunitarias da festa entre os veciños, e con elas as distintas maneiras de enfrontarse a ela. Para os organizadores, o Lugnasad é a súa festa e pretenderon que fora tamén a de toda a comunidade. Para esta última é tamén a súa propia festa, pois acoden e fan uso dela. Mais, moitos, mesmo participando en moitas ocasións non parecen sentirse plenamente identificados coa celebración en canto que festa celta. Aqueles máis novos que non pertencen á organización e non teñen especial predilección pola música que alí escoitan, nin particular interese polos rituais alí celebrados, ao ser unha festa na súa parroquia van a ela, mais como lugar de paso de cara a espazos de ocio nas vilas, como son as discotecas. Neste senso, a cultura de masas irrompe a través da música comercial, escoitada en moitos lugares do mundo, incluídos os locais da vila de Muimenta<sup>16</sup>, influíndo notabelmente nas xeracións máis novas. Estas últimas acaban adoptando pautas culturais impostas pola actual lóxica globalizadora do mercado, en detrimento doutras experiencias culturais locais, máis próximas no espazo<sup>17</sup>.

## **BIBLIOGRAFÍA**

ABUÍN DURO, M.: *El patrimonio y la representación de la memoria. El festival irmandiño de Moeche*. A Coruña: Deputación Provincial, 2001

AGUILAR CRIADO, E.: “La cultura como recurso en las políticas de desarrollo rural. Una lectura desde la globalización”. Comunicación no IX Congreso de Antropología: *Recreaciones medioambientales, políticas de desarrollo y turismo*, Barcelona, 2002

BAUDRILLARD, J.: *La Societé de consommation*. Paris. Denoël. 2004.

BAUMAN, Z.: *Comunidad. En busca de seguridad en un mundo hostil*. Madrid: Siglo XXI, 2003

---

<sup>16</sup> Neste senso, é bastante revelador o anuncio da Discoteca Hermo de Muimenta, nunca emisora radiofónica comarcal: “*París, Londres, Nueva York, Muimenta, disco Hermo en Muimenta...ven a disfrutar....*”

<sup>17</sup> Erich Fromm atopa en comportamentos deste tipo, mecanismos de evasión para facer fronte ao sentimento de insignificancia, soidade e angustia que provoca o “poder abrumador do mundo exterior”. Así o expresa: “*(...)o individuo deixa de ser el mesmo; adopta por completo o tipo de personalidade que lle proporcionan as pautas culturais, e polo tanto transformase nun ser exactamente igual a todo o mundo e tal como os demais esperan que el sexa. A discrepancia entre o “eu” e o mundo desaparece, e con ela o medo consciente á Soedade e á impotencia.*”: FROMM, E.: *El miedo a la libertad*, Barcelona: Paidós, 2003, p. 183

- BOUZADA, X.: “*O desenvolvemento comunitario local: un reto da sociedade civil. Elementos teóricos e metodolóxicos*”, Vigo: Galaxia, 1999
- CASTELLS, M.: *La era de la información. El poder de la identidad*. Madrid: Alianza, 2003
- DIAZ G. VIANA, L.: *El regreso de los lobos. La respuesta de las culturas populares a la era dela globalización*. Madrid: CSIC, 2003
- FERRAS SEXTO, C.: “Cambio social e territorial en Galicia. De país rural a cidade xardín?” en *Semata* nº 9, USC. p. 55-78
- FIDALGO SANTAMARIÑA, X.A. “Identidade e festa popular”, en *O Feito diferencial galego na Antropoloxía*, Vol.II, Santiago de Compostela: Museo do Pobo Galego, 1998 (Coord. Marcial Gondar Portasany), p. 51-79.
- FIDALGO SANTAMARIÑA, A.: *La gran pulpada gallega*, Barcelona: Ronsel, 1999
- FROMM, E.: *El miedo a la libertad*, Barcelona: Paidós, 2003
- Galicia. La historia es una fiesta*. Octo publicaciones, 2003
- GARCÍA PORRAL, X.C.: “A feira do cocido: celebración da identidade ou feira mediática postmoderna? Cara unha definición da política de identidade” en *A Trabe de Ouro*, nº 54, Santiago de Compostela: Sotelo Blanco, 2000
- GONZALEZ REBOREDO, X.M.: *Guía de festas populares de Galicia*, Vigo: Galaxia, 1997
- GONZALEZ REBOREDO, X.M.: “Cuestiones de fiestas del ciclo anual. Relación entre fiesta y sociedad” en *Antropología cultural gallega*, Santiago de Compostela: fundación Alfredo Brañas, 1988
- GONDAR PORTASANY, M.: *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós-outros*. Vigo: A Nosa Terra, 1999.
- GUIDDENS, A.: *Modernidad e identidade del yo*. Barcelona: Península, 1995
- GUIDDENS, A.: *Consecuencias de la modernidad*, Madrid: Alianza, 1994
- HERRERO PÉREZ, N.: “Fiestas de ayer y fiestas de hoy. Elementos para el estudio de las fiestas de verano en el marco de un ayuntamiento gallego” en *Actas do III Congreso da Antropología e Antropología Aplicada*, Santiago de Compostela: CSIC, 1997, p. 361-381
- HOBBSAWM, E., RANGER, T.: *La invención de la tradición*. Barcelona: Crítica, 2002
- LE ROUX, F., GUYONVARCH, C.: *As festas celtas*, A Coruña: Toxosoutos, 2003. p. 102
- LÓPEZ, GOMEZ, F. S.: *Festas parroquiais*. A Coruña: Bahía, 1996

MORENO, I.: *La Globalización y Andalucía. Entre el Mercado y la Identidad*. Sevilla: Mergablum, 2002.

*Os Celtas na Europa Atlántica. Actas do 1º Congreso Galego sobre a Cultura Celta*. Concello de Ferrol, 1999

VEIGA DE OLIVEIRA, E.: *Festividades cíclicas en Portugal*, Lisboa: Dom Quixote, 1995

VELASCO, H. M.: *Tiempo de fiesta*. Alatar, 1982

VILLADARY, A.: *Fête et vie quotidienne*. Les Éditions Ouvrières, 1968